



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
PEDRO FLORIANI



Cofinanciado por
la Unión Europea

CONVOCATORIA ERASMUS+ PARA CICLOS BÁSICOS E MEDIOS

Convocatoria Erasmus+ para a selección de alumnado de ciclos básicos e medios de Formación Profesional para la realización de prácticas formativas na Unión Europea, dentro do proxecto de mobilidade 2023-1-ES01-KA121-VET-000147461



Convocatoria Erasmus+ para o alumnado de Ciclo Básico Electricidade e electrónica, Ciclo Medio de Xestión Administrativa e Ciclo Medio de Instalacións de Telecomunicacións para a realización de prácticas en empresa nun país da Unión Europea

OBXECTO DA CONVOCATORIA:

Concesión de becas Erasmus+ de mobilidade, para a realización do módulo de “Formación en Centros de Traballo” do alumnado de Ciclo Básico e Medio.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

1. Poderán participar as persoas que aprobaran tódolos módulos (excepto a FCT) dos dous cursos de ciclo de Formación Profesional durante o período correspondente á realización da FCT.

Poderán concorrer a esta convocatoria as persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- a) Estar matriculadas durante o curso 2024-2025 nun ciclo formativo de grao básico ou grao medio de Formación Profesional, e estar en condicións de acceder á realización da Formación en Centros de Traballo (FCT) ou de realizar un período de formación práctica en empresa antes do comezo da mobilidade.
- b) Ter obtido unha titulación de grao básico ou grao medio de Formación Profesional ou certificado dun curso de especialización de Formación Profesional de grao medio durante os 12 meses anteriores á finalización da mobilidade prevista.

PERÍODO DA ESTANCIA:

As actividades susceptibles de ser financiadas mediante esta convocatoria son as seguintes:

- a) Mobilidades educativas de curta duración (10 a 89 días), nas que as persoas participantes pasarán un período de tempo no estranxeiro realizando prácticas formativas relacionadas coas ensinanzas cursadas.
- b) Mobilidades educativas de longa duración (90 a 365 días), nas que as persoas participantes pasarán un período de tempo máis extenso no estranxeiro realizando prácticas formativas relacionadas coas ensinanzas cursadas.

A data de finalización das mobilidades financiadas ao abeiro desta convocatoria non poderá ser posterior o 31 de maio de 2025.

DESTINOS:

Irlanda, Italia, Malta, Portugal, Alemaña, Romanía, Chipre, Bulgaria, Polonia, Eslovaquia, Grecia, Suecia, Eslovenia, Finlandia, Países Baixos, Noruega, Dinamarca, Islandia, Francia e outros.



PRAZOS:

Convocatoria Programa de mobilidades alumnado Ciclo Básico e Medio.	
Presentación de solicitudes	Do día 18 de novembro ata o 22 de novembro de 2024
Listaxe provisional dos seleccionados no programa	Día 25 de novembro
Alegacións contra a listaxe provisional	Do día 25 de novembro ata o 27 de novembro de 2024
Listaxe definitiva dos seleccionados no programa	Día 28 de novembro

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN:

- ✓ Solicitud de participación
- ✓ No caso de dispoñer dela, certificación oficial do nivel de idioma/s.
- ✓ Título de doutor, máster oficial, de grao ou formación profesional a maiores dos que foxen esixidos con carácter xeral para o acceso a ciclo superior.
- ✓ Certificado de posesión do certificado dixital ou similar
- ✓ Solicitud ou copia da tarxeta sanitaria europea
- ✓ Currículum actualizado

ONDE PRESENTAR AS SOLICITUDES?

Reenviando a solicitude ao correo: erasmus.iespedrofloriani@edu.xunta.gal

OPORTUNIDADES PARA OS ESTUDANTES

A participación no proxecto ofrécelles aos estudantes a posibilidade de realizar prácticas formativas nun país estranxeiro medio para:

- Mellorar a súa competencia nunha lingua estranxeira
- Mellorar as súas competencias vinculadas ao seu perfil profesional
- Aumentar a súa empregabilidade
- Mellorar as súas expectativas laborais, facilitándolles a transición do ámbito da educación e a formación ao mercado laboral

Para acadar estes resultados as persoas beneficiarias contarán con:

- Axuda para a viaxe de ida e a de volta ao destino das prácticas
- Preparación lingüística antes e durante a mobilidade
- Prácticas en empresas
- Axuda para o aloxamento e a manutención na cidade de destino das prácticas



- Titorización do programa de prácticas
- Supervisión do programa de prácticas
- Seguro de viaxe

A formación realizarase en empresas ou noutras entidades (por exemplo, administracións públicas ou organizacións non gubernamentais) para adquirir experiencia laboral.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Expediente académico. Terase en conta a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentes e a nota media do primeiro curso do ciclo no resto de casos.
 - Nota media inferior a 6: 1 punto.
 - Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.
 - Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.
 - Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.
2. Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo:
 - Certificación de nivel B1: 1 punto.
 - Certificación de nivel B2: 2 puntos.
 - Certificación de nivel C1: 3 puntos.
 - Certificación de nivel C2: 4 puntos.
3. Entrevista persoal, máximo 4 puntos
4. Persoas participantes con menos oportunidades, máximo 2 puntos

DOCUMENTOS A ENTREGAR

- Información individual
- Anexo I completo



INFORMACIÓN INDIVIDUAL

Información relativa a estudios universitarios:

Tes estudos universitarios?

Información relativa á formación profesional

Tes estudos de formación profesional? En caso afirmativo, especifica cal/es.

Información relativa a idiomas

Cal é o teu grado de coñecemento doutros idiomas?

Idioma: _____ Básico __ Medio __ Avanzado__ Titulación? Si _____ Non _____

Idioma: _____ Básico __ Medio __ Avanzado__ Titulación? Si _____ Non _____

Idioma: _____ Básico __ Medio __ Avanzado__ Titulación? Si _____ Non _____

Podes achegar certificacións académicas do teu coñecemento noutros idiomas?

Participación noutros programas europeos

Participaches previamente noutros programas europeos? En caso afirmativo, en cales e cal foi o organismo organizados?

En qué data?

Preparando as prácticas co Erasmus+

Cales son os teus destinos preferidos (países)? Indica por orde de preferencia un máximo de 3

Coñeces algunha empresa na que desenvolver as túas prácticas nese/s destinos/s? En caso afirmativo, ¿Cal é o nome da empresa que coñeces? (país, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico)



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
PEDRO FLORIANI



Cofinanciado por
la Unión Europea

Información persoal

Recibiches a beca MEC do Ministerio no curso actual?

Contas con capacidade económica para cubrir algún gasto previo a recepción da beca Erasmus?

Cales son as túas motivacións para solicitar participar no programa?